



RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Nº de expediente 228/2024 relac 9/2024

CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2024” , DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (LIÑA 3) SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

De conformidade coas Bases da convocatoria aprobada por Resolución de alcaldía nº 2024-0100 e coa aprobación da ampliación da lista de candidatos por Resolución de alcaldía nº 2024-0120 segundo o resultado de selección enviado polo SPEG nº 12-2024-1645.

Visto resultado do proceso selectivo do Tribunal Cualificador para a contratación laboral temporal de duración nove meses, de dous peóns de obras públicas, conforme ao Plan mais provincia 2024, liña 3, “contratación persoal plan mais provincia 2024”, subvencionado pola Deputación de Pontevedra de data 06/03/2024.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 2024-065 de inicio de chamamento para contratación laboral temporal de dous peóns de obras públicas, para o proxecto “contratación persoal plan máis provincia 2024” , dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (liña 3) subvencionado pola Deputación de Pontevedra, de data 14/03/2024.

Vistas as aceptacións ao posto de peón de obras públicas por parte de Óscar Iván García Álvarez e Marco Antonio Míguez Mandayo.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO :

Primeiro.- Proceder á contratación laboral temporal, durante un período de 9 meses (20/03/2024 ao 19/12/2024), a tempo parcial (35semanais) e a categoría profesional de peón de obras públicas entre os aspirantes remitidos polo SEPEG en nº 12-2024-1645:

GARCIA ALVAREZ OSCAR IVAN
MIGUEZ MANDAYO MARCO ANTONIO

Segundo: As retribucións salariais serán as seguintes:

- Salario bruto incluídas as pagas extras=1.234,75€
- S.S. a cargo da empresa...= 473,90€

Terceiro.- A publicación da resolución realizarase mediante inserción da mesma na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Pazos de Borbén,

**RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO
ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA,
EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO.
DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO
MARXE.**

